

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

Orde do 15 de decembro de 1989 reguladora do transporte de escolares e obreiros da Xunta de Galicia.

Por Decreto da Xunta de Galicia 160/1988, do 9 de xuño, regulouse o transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

A dita norma desempeñou un papel fundamental ó refundi-la normativa dispersa e fragmentaria que sobre a materia existía, adaptándoa, ó mesmo tempo, ós novos postulados e orientacións consagradas na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Seguindo os mesmos criterios que inspiraron a redacción do Decreto, faise preciso desenvolve-lo mediante unha Orde que, á luz da experiencia adquirida durante o ano de vixencia do repetido Decreto, clarifique as posibles indefinicións existentes.

En especial faise necesario desenvolve-los aspectos relativos ás características dos vehículos e a súa documentación e ó exercicio do dereito de preferencia.

En canto ó exercicio do dereito de preferencia, a presente Orde explicita criterios que, se ben xa presentes no Decreto, non alcanzaban un grao de concreción suficiente para facelos directamente aplicables para resolve-los conflitos de intereses que na práctica diaria xorden.

A regulación do procedemento polo que se exercita o dereito de preferencia responde á opción efectuada no art. 89 da Lei de ordenación dos transportes terrestres, conceptuándoo como sistema de racionaliza-las empresas de transporte e sobre todo de garanti-la viabilidade das concesións rurais ou de débil tráfico mediante a subvención cruzada que representan os ingresos obtidos co servizo de uso especial. Así, a Orde prevé que decaia o dereito do empresario coincidente cando o seu exercicio implique a adquisición de vehículos suplementarios, xa que isto implicaría que a frota daquel se encontraba suficientemente utilizada. Por idéntica razón exceptúase da posibilidade de presta-lo servizo de uso especial con vehículos alleos, salvo supostos excepcionais, ós transportistas que obtivesen a adjudicación do servizo de uso especial en virtude do exercicio do dereito de preferencia.

O principio implicitamente consagrado na Lei 16/1987 de que o exercicio do dereito de preferencia debe circunscribirse a liñas de baixa rendabilidade, modula igualmente a interpretación de aspectos tales como a exclusión do dereito de preferencia respecto ós servizos entre as grandes cidades.

Na súa consecuencia, de conformidade co disposto no art. 27.8 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia e no uso das competencias conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, e visto o informe favorable do Consello Galego de Transportes e por proposta da Dirección Xeral de Transportes.

DISPOÑO:

Artigo 1.- A presente Orde será de aplicación ós transportes definidos no art. 1º do Decreto 160/1988, do 9 de xuño, tanto urbanos como interurbanos, co carácter directo ou supletorio que no referido Decreto se establece.

Artigo 2.- Os servizos de transporte de escolares e de obreiros poderán ser prestados mediante vehículos provistos de autorización para servizo privado ou público.

2. Os servizos públicos deberán realizarse mediante vehículos provistos de autorización para transporte discrecional ou, excepcionalmente, con vehículos provistos de autorización serie VR cando o itinerario do servizo de uso especial non difira en máis de 2 km. do itinerario do servizo permanente de uso xeral ó que estean adscritos.

3. Cando o número de alumnos transportados non xustifique contratar un vehículo de maior capacidade, o servizo de transporte de uso especial poderá ser prestado con vehículos de menos de 10 prazas, incluído o condutor, provistos de autorización de transporte público de viaxeiros.

Artigo 3º.- 1. A Dirección Xeral de Transportes poderá, con carácter excepcional, tralo informe do Comité Provincial de Transportes da Xefatura Provincial que, en todo caso, dará vista ás asociacións provinciais de transporte de viaxeiros, outorgar autorizacións de transporte serie V.E. para vehículos de menos de dez prazas, incluído o condutor, cando non existan vehículos provistos de autorización de transporte discrecional ou regular de viaxeiros ou de autorización serie VT dispostos a presta-lo servizo. As ditas autorizacións habilitarán unicamente para o servizo determinado na autorización e, en todo caso, deberán levarse no vehículo xunto coa relación de usuarios.

O incumprimento desta obriga sancionarse como infracción leve do artigo 142 b) da Lei 16/1987, de 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

2. Estes vehículos deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) Trátase, en todo caso, de vehículos cerrados dotados de portas con acceso directo ó exterior.
- b) Contarán con, polo menos, dúas ventás exteriores e unha de comunicación coa cabina, cando estea separada da caixa.
- c) Asientos fixos con respaldo, orientados preferentemente no sentido da marcha, provistos de asideiros ou elementos fixos de protección, coas seguintes dimensións mínimas:
 - 40 cm. de profundidade.
 - 45 cm. de ancho do asento.

Neste tipo de vehículos prohibese comparti-lo transporte de carga co de escolares; exclúese, ademais, o transporte fóra do servizo escolar de mercadoría sinaladamente incompatible (pola súa insalubridade, perigosidade, etc.) co transporte de persoas.

3. Tanto nestes vehículos coma nos de menos de 10 prazas, incluído o condutor a que se refire o artigo seguinte, queda prohibida a utilización da praza ou prazas contiguas ó condutor por parte de menores de 14 anos. A utilización destes vehículos de dous

asientos por tres alumnos de menos de 14 anos que prevé o Real Decreto 2296/1983, do 25 de agosto, estará condicionada a que os asientos teñan as dimensións establecidas na lexislación vixente.

4. Este tipo de servicios con vehículos lixeiros de 9 prazas como máximo, incluído o conductor, autorizaranse como antenas complementarias do transporte en autobús. Só se se acredita a concorrencia de circunstancias excepcionais poderán autorizarse os ditos servicios como independentes, o seu otorgamento corresponderá, tralo informe do servicio provincial de que se trate, á Dirección Xeral de Transportes, para un curso lectivo.

Artigo 4º.- 1. O transporte escolar e de obreiros poderá efectuarse en réxime privado, con vehículos de menos de 10 prazas -incluído o conductor-, que non precisarán de autorización, ou mediante vehículos de maior capacidade; neste caso será preceptiva a obtención dunha autorización para servicio privado complementaria.

2. Os servicios privados a que se refire o punto anterior deberán prestarse sometidos ás seguintes condicións:

- Os usuarios serán unicamente os traballadores ou asalariados dos respectivos centros ou os asistentes ós centros de estudos correspondentes, en ningún caso poderá simultaneamente prestar servicios de carácter público.

- Os vehículos terán que ser propiedade das empresas ou establecementos, e deberán estar matriculados a nome dos mesmos. Non obstante, admitirase a utilización dos vehículos arrendados naqueles supostos de avarías do vehículo normalmente utilizado ou cando isto resulte necesario pola insuficiencia ou inadecuación da oferta de transporte público para o transporte concreto de que se trate.

- Os vehículos deben ir en todo caso conducidos polo personal propio da empresa ou establecemento.

- O transporte non poderá ser contratado nin cobrado de forma independente. O seu custo deberá, en todo caso, incorporarse ó precio do servicio obxecto da actividade principal que realice a empresa ou establecemento. Non obstante, a Administración poderá excepcionalmente permiti-la percepción independente do precio do transporte, cando o precio non exceda do estricto custo do transporte.

3. Durante a prestación do transporte privado os usuarios deberán levar D.N.I. ou, se é o caso, o carné escolar que os acredite como tales usuarios do servicio; tamén se deberá levar no vehículo unha relación dos usuarios debidamente dilixenciada polo Servicio Provincial de Transportes correspondente. O incumprimento desta obriga sancionarse como infracción leve, de conformidade co establecido no artigo 142 b) da Lei 16/1987, do 30 de xullo.

Artigo 5º.- 1. Cando o titular do servicio regular de uso especial careza dos vehículos propios suficientes, poderá utilizar outros arrendados ou cedidos con conductor a través de calquera fórmula xurídica válida, por outros transportistas, sempre que os tráxicos que se realicen con eles non excedan do 50% do total contratado, salvo que na correspondente autorización se establezan porcentaxes diferentes por concorreren circunstancias extraordinarias.

2. Por excepción ó disposto no apartado 1. os servicios que se obtivesen en virtude do exercicio do dereito de preferencia establecido no artigo 9º do Decreto 160/1988, deberán prestarse integramente con vehículos propios, salvo supostos excepcionais para substituir vehículos avariados, sen que os servicios prestados con eles poidan representar unha porcentaxe superior ó 10% dos tráficoos contratados.

Artigo 6º.- 1. O titular do servicio deberá te-los vehículos autorizados cubertos cos seguros que segundo a súa modalidade estableza a cada caso a normativa.

2. Tanto a póliza do seguro coma o recibo do pago da prima correspondente ou, se é o caso, fotocopia compulsada por órgano competente, deberán levarse en todo momento no vehículo durante a prestación do servicio. O incumprimento da dita obriga será sancionado como infracción leve tipificada no artigo 142 b) da Lei 16/1987, do 30 de xullo.

3. Os vehículos doutros propietarios que, se é o caso, se contraten nos supostos contemplados no artigo anterior, deberán así mesmo estar asegurados de forma suficiente. Para estes efectos será admisible que ó solicita-la autorización se inclúa unha póliza fluctuante que cubra os posibles vehículos que presten o servicio. O incumprimento desta obriga será sancionado como realización de transporte carecendo de autorización e sen dereito á súa obtención; a responsabilidade recaerá no titular do servicio, sen prexuício de que, como establece o artigo 6º do Decreto 160/1988, do 9 de xuño, este poida deduci-las accións que resulten procedentes contra das personas ás que sexan materialmente imputables as infraccións.

Artigo 7º.- O dereito de preferencia establecido no artigo 9º do Decreto 160/1988 axustarase ás seguintes regras:

a) O seu exercicio quedará condicionado á dispoñibilidade, no prazo de quince días, dos vehículos precisos, matriculados ó seu nome, sempre e cando a asunción do novo servicio non implique desatende-los que xa tivesen outorgados.

b) Os vehículos ofertados deberán ter características similares ás dos ofertados polo petionario; entenderase que existe esta similitude cando non excedan en máis de dous anos á súa antigüidade, sen que, en ningún caso, ésta exceda da máxima establecida para a prestación dos servicios e poidan equipararse os elementos que afecten á seguridade e comodidade dos viaxeiros.

Poderase conceder ó transportista coincidente un prazo non superior a 30 días para que dote ós vehículos que oferta dos referidos elementos.

c) Os servicios de transporte regulados na presente Orde obtidos en virtude do dereito de preferencia deberán ser prestados cos vehículos ofertados ou outros que reúnan polo menos idénticas condicións de seguridade, comodidade e antigüidade durante un prazo de polo menos tres anos.

Non será de aplicación o dereito de preferencia nos supostos seguintes:

- Os servicios solicitados con orixe ou destino en capitais de provincia da Comunidade Autónoma ou cidades con poboacións que estean comprendidas entre 75.000 e 100.000

habitantes cun itinerario que non exceda de 7 km. medidos por estrada, ou de 15 km. medidos de igual modo, cando as referidas cidades excedan dos 100.000 habitantes.

As expedicións dos servicios públicos regulares permanentes de uso xeral que comuniquen dúas ou máis capitais de provincia ou calquera destas coa da Comunidade Autónoma ou cidade de máis de 75.000 habitantes. Esta exclusión alcanzará a tódalas expedicións ou servicios de uso especial que teñan a súa orixe e destino dentro dos termos municipais das referidas cidades.

Artigo 8º.- A autorización regulada na presente Orde terá vixencia anual ou por ano lectivo, dependendo do contrato suscrito e poderá ser prorrogada nas condicións establecidas no art. 10 do Decreto 160/1988, non obstante, procederá outorgar a prórroga aínda cando o itinerario do servicio experimente variacións como consecuencia das modificacións de infraestructuras viarias ou da supresión de paradas ou adición destas motivada polo cambio de usuarios, sempre que neste caso os tráxicos non experimenten unha variación superior ó 25%.

Artigo 9º.- Para o outorgamento das autorizacións reguladas na presente Orde deberase incluír xunto coa solicitude o contrato suscrito co centro escolar ou de traballo, no que se determinará claramente o itinerario con indicación singular das paradas, o calendario, o horario e o número de usuarios que se transportarán e, de ser posible, a súa relación nominal. Por excepción ó establecido no parágrafo anterior, a renovación ou prórroga dos contratos poderá ser solicitada incluíndo unicamente certificado do centro contratante do servicio, acreditativo de que este se prestaría en condicións similares ás do ano anterior, sen prexuício de incluír a posteriori o contrato debidamente formalizado.

Artigo 10º.- Os vehículos que presten os servicios regulados no presente Decreto deberán ostentar un rótulo no que figure a mención da modalidade de transporte para o que estea autorizado, xunto co nome do centro escolar ou de traballo; tamén deberá reuni-los requisitos de carácter técnico que estableza a normativa en vigor. Os transportes de escolares, tanto de carácter público coma privado, deberán simplemente dar cumprimento ás prescricións contidas no R.D. 2296/1983, do 25 de agosto.

Artigo 11º.- O itinerario do servicio de uso especial virá determinado polo do servicio contratado. Cando este comprenda varios radios de orixe e destino no centro de traballo ou estudos, o itinerario do servicio de uso especial poderá comprender varios daqueles.

Artigo 12º.- Os transportes de uso especial, salvo o disposto no punto seguinte, unicamente os poderá autoriza-la Administración cando os grupos homoxéneos e específicos de usuarios ós que vaian servir teñan un centro concreto de actividade común (colexio, fábrica, cuartel ou outro similar) no que o transporte teña a súa orixe ou destino, sen que resulte suficiente o exercicio dunha actividade común e a orixe ou destino nunha única poboación.

Non obstante, poderá autorizarse servicios de uso especial, aínda existindo varios centros de actividade nos que o transporte teña a súa orixe ou destino cando, polo seu carácter de establecementos da mesma empresa ou de similar actividade, unido, se é o caso, á inmediata proximidade xeográfica ou a outras circunstancias concorrentes quede, en todo caso, garantido que van servir a un grupo homoxéneo e específico de usuarios, cualitativamente diferentes dos dos servicios de uso xeral. Para tal efecto, no

procedemento de outorgamento da primeira autorización para eses servizos deberá emitir informe o Consello Galego de Transportes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As prescricións contidas na presente Orde serán de aplicación, en canto á natureza específica do servizo o permita, a outros transportes regulares de uso especial que se desenvolva integramente dentro da Comunidade Autónoma, tales coma o de militares, o contratado para o transporte de clientes a áreas comerciais, etc.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Facúltase á Dirección Xeral de Transportes para interpretar cantas dúbidas suscite a aplicación desta Orde e para dicta-las instrucións precisas para a súa execución e resolve-los casos excepcionais non regulados nela; pode solicitar informe do Consello Galego de Transportes.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Orde entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 1989.

Antolín Sánchez Presedo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas